

Concello de San Sadurniño

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2022/9	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «Aprobación de expedientes que non admiten demora»
Data	26 de outubro de 2022
Duración	Desde as 19:30 ata as 19:50 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	Secundino García Casal
Secretario	Olalla Alvarez de Neyra Martinez

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
32706795J	Araceli Bellas Castro	SÍ
76403948H	José Luis Hermida Prieto	SÍ
32665954C	Lois Anxo Rodríguez Calvo	SÍ
32650976S	Manuel Beceiro Couce	SÍ
32626037P	Manuel Varela Mecías	SÍ
32647647K	María Amparo Calvo González	SÍ
76413184P	María Belén Trigo Meizoso	SÍ
32680363P	María Carmen Muíño Filgueira	SÍ
32696031J	María Esther Díaz Vergara	SÍ
32643269J	Secundino García Casal	SÍ
32653802N	Tomás Calvo García	SÍ



Concello de San Sadurniño

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 526/2022. Conta Xeral 2021

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

DITAME DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS

Con carácter previo realízase unha exposición de dona María Carmen Muíño, voceira do grupo municipal do BNG, respecto das magnitudes orzamentarias e o estado de execución, así como das mencións dos informes técnicos, que sendo de carácter favorable realizan pequenos consellos que asegura serán tidos en conta, así como sinala o incumprimento dos prazos legais de tramitación, derivados fundamentalmente do cambio no posto da Secretaría-Intervención.

Intervén dona Belén Trigo, do grupo municipal do PP, para indicar a existencia dun erro na memoria que acompaña á Conta Xeral, xa que figuran cambiados de grupo municipal D. Jose Luís Hermida Prieto e D. Lois Anxo Rodríguez Calvo. A Secretaria-Interventora sinala que trátase dun erro de feito de ela mesma, que trastocou os nomes, e que procede por este mesmo acto a súa subsanación.

Continúa dona Belén Trigo indicando que, na observación da proposta de alcaldía considera que, con tempo, realizará un estudo das desviacións e axustes, para determinar se son reais e de onde saen. Indica que entende que xa que os informes técnicos son favorables, da por feito que os valores son correctos. Debaten asimesmo os concelleiros presentes acerca da ubicación concreta de determinada información nos documentos do expediente.

Intervén dona María Carmen Muíño para puntualizar que a desviación no orzamento de ingresos ven dada pola propia natureza de previsión do mesmo, se ben dende o equipo de goberno xa indicaron na elaboración do orzamento 2022 que tentaban de axustarse á realidade ofrecida pola liquidación contable.

Sinala dona Belén Trigo que as desviacións veñen dadas por gasto de menos ou diferenza de ingresos, e que debe dilucidarse esta cuestión, así como que os gastos financiados con remanente líquido de tesouraría traen causa de modificacións de crédito, e que esta cuestión terá que estudiala.

Suficientemente debatido o asunto da orde do día, procédese á votación da proposta de alcaldía:

Considerando que o obxecto da reunión da Comisión Especial de Contas é proceder ao exame da Conta Xeral do Orzamento desta Entidade, correspondente ao exercicio económico de 2021, en cumprimento do disposto no artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Considerando que, de conformidade co establecido nos artigos 112 da Lei 5/1997, de



Concello de San Sadurniño

Administración Local de Galicia e 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, das Facendas Locais, a Conta Xeral e a súa documentación complementaria debe estar a disposición dos membros da Comisión Especial de Contas con 15 días soltos de antelación á celebración da sesión e que, unha vez dictaminada, procederase ao trámite de publicación e exposición pública,

A Comisión Especial de Contas, por unanimidade dos seus membros, realiza o seguinte ditame:

PRIMEIRO. Informar favorablemente a Conta Xeral do Municipio do exercicio 2021, que quedou cumpridamente xustificada, e que está integrada polos seguintes documentos:

- O Balance.
- A Conta do resultado económico-patrimonial.
- O Estado de cambios no patrimonio neto.
- O Estado de fluxos de efectivo.
- O Estado de Liquidación do Orzamento.
- A Memoria.
- Outra documentación: Actas de arqueo das existencias en Caixa referidas a fin de exercicio (non existe Caixa operativa municipal, polo que non se emite este documento), notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesmas a favor da entidade local ou do organismo autónomo, referidos a fin de exercicio e agrupados por nome ou razón social da entidade bancaria, e, en caso de discrepancia entre os saldos contables e os bancarios, achegarase o oportuno Estado de Conciliación, autorizado polo Interventor ou órgano da entidade local que teña atribuída a función de contabilidade.

Cos seguintes indicadores económicos:

REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURARÍA		
Conceptos	Importes	
1. Fondos líquidos		1.197.262,63
2. Dereitos pendentes de cobro		685.470,11
+do orzamento corrente	20.000,00	
+de orzamentos pechados	665.470,11	
+de operacións non orzamentarias	0,00	
3. Obrigas pendentes de pago		128.127,14
+do orzamento corrente	45.119,90	
+de orzamentos pechados	83.007,24	
+de operacións non orzamentarias	0,00	
4. Partidas pendentes de aplicación		-2.627,27
-cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	2.627,27	
+pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	0,00	
I. Remanente de tesouraría total		1.751.978,33



Concello de San Sadurniño

II. Saldos de dudoso cobro		537.875,81
III. Exceso de financiación afectada		0,00
IV. Remanente de tesouraría para gastos xerais		1.214.102,52

RESULTADO ORZAMENTARIO				
CONCEPTO	DRN	ORN	AXUSTES	RESULTADO
a) Operacións correntes	2.616.773,90	2.752.029,76		-135.255,86
b) Operacións de capital	192.045,79	822.299,57		-630.253,78
1. Total operacións non financeiras	2.808.819,69	3.574.329,33		-765.509,64
c) Activos financeiros				0,00
d) Pasivos financeiros				0,00
2. Total operación financeiras				0,00
I. Resultado do exercicio	2.808.819,69	3.574.329,33		-765.509,64
3. Axuste: créditos gastados financiados con RLTGG			531.016,93	
4. Axuste: desviacións de financiación negativas			338.662,86	
5. Axuste: desviacións de financiación positivas			0,00	
II. Total axustes			869.679,79	
Resultado orzamentario axustado				104.170,15

SEGUNDO. Ordenar que a referida Conta, así como o propio informe emitido por esta Comisión, sexan expostos ao público, por prazo de quince días soltos, a fin de que durante devandito prazo, quen se estimen interesados poidan presentar cantas reclamacións, reparos ou observacións, teñan por convenientes, os cales, caso de presentarse, deberán ser



Concello de San Sadurniño

examinados por esta Comisión, previa práctica de cantas comprobacións estímense como necesarias, para a emisión de novo informe, que será elevado, xunto cos reparos, reclamacións ou observacións formulados, a consideración plenaria definitiva. Á súa vez, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://sansadurnino.sedelectronica.gal>].

Polo Sr. Alcalde sinálase que o presente punto da orde do día é a aprobación plenaria da Conta Xeral 2021, tralo ditame da Comisión Informativa pertinente e a exposición pública da mesma, preguntando ao resto dos grupos municipais se desexan intervir.

Dona Belén Trigo, voceira do grupo municipal do PP, intervéñ para sinalar que xa se debateu ao respecto na Comisión Informativa, na que interviñeron, solicitaron e obtiveron as aclaracións que se plantexaron e conclúen que existe un millón e pico de remanente que entenden que é moito para un concello pequeno e que ese excedente debe investirse en actuacións que beneficien á poboación. Polo demáis entenden que está informada favorablemente e en consecuencia anuncian o seu voto favorable.

Don Secundino García, Alcalde, sinala respecto desta intervención que, efectivamente, existe un remanente importante e que está de acordo en que se invista en asuntos de interese para os veciños e que esa é precisamente a intención co seguinte punto da orde do día, que é unha aplicación deste remanente, pero recorda que hasta hai pouco os Concellos tiñan unhas limitacións importantes en orde á aplicación do remanente líquido de tesouraría.

Sen producirse máis intervencións, sométese a votación o asunto da orde do día, aprobándose por unanimidade do Pleno da Corporación os seguintes acordos:

PRIMEIRO. Aprobar a Conta Xeral do Municipio do exercicio 2021, que quedou cumpridamente xustificada, e que está integrada polos seguintes documentos:

- O Balance.
- A Conta do resultado económico-patrimonial.
- O Estado de cambios no patrimonio neto.
- O Estado de fluxos de efectivo.
- O Estado de Liquidación do Orzamento.
- A Memoria.
- Outra documentación: Actas de arqueo das existencias en Caixa referidas a fin de exercicio (non existe Caixa operativa municipal, polo que non se emite este documento), notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesmas a favor da entidade local ou do organismo autónomo, referidos a fin de exercicio e agrupados por nome ou razón social da entidade bancaria, e, en caso de discrepancia entre os saldos contables e os bancarios, achegarase o oportuno Estado de Conciliación, autorizado polo Interventor ou órgano da entidade local que teña atribuída a función de contabilidade.

Cos seguintes indicadores económicos:

REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURARÍA	
Conceptos	Importes
1. Fondos líquidos	1.197.262,63
2. Dereitos pendentes de cobro	685.470,11
+do orzamento corrente	20.000,00
+de orzamentos pechados	665.470,11
+de operacións non orzamentarias	0,00
3. Obrigas pendentes de pago	128.127,14



Concello de San Sadurniño

+do orzamento corrente	45.119,90	
+de orzamentos pechados	83.007,24	
+de operacións non orzamentarias	0,00	
4. Partidas pendentes de aplicación		-2.627,27
-cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	2.627,27	
+pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	0,00	
I. Remanente de tesouraría total		1.751.978,33
II. Saldos de dudoso cobro		537.875,81
III. Exceso de financiación afectada		0,00
IV. Remanente de tesouraría para gastos xerais		1.214.102,52

CONCEPTO	RESULTADO ORZAMENTARIO			
	DRN	ORN	AXUSTES	RESULTADO
a) Operacións correntes	2.616.773,90	2.752.029,76		-135.255,86
b) Operacións de capital	192.045,79	822.299,57		-630.253,78
1. Total operacións non financeiras	2.808.819,69	3.574.329,33		-765.509,64
c) Activos financeiros				0,00
d) Pasivos financeiros				0,00
2. Total operación financeiras				0,00
I. Resultado do exercicio	2.808.819,69	3.574.329,33		-765.509,64
3. Axuste: créditos gastados financiados con RLTGG			531.016,93	
4. Axuste: desviacións de financiación negativas			338.662,86	
5. Axuste: desviacións de financiación			0,00	



Concello de San Sadurniño

positivas				
II. Total axustes			869.679,79	
Resultado orzamentario axustado				104.170,15

SEGUNDO.SEGUNDO. Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda

Expediente 696/2022. Modificación de Créditos 5/2022

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Coa referencia da proposta de Alcaldía que se reproduce a continuación:

Considerando a existencia de gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte, para os que non existe crédito no vixente Orzamento da Corporación, e dado que se dispón de remanente líquido de Tesouraría segundo os estados financeiros e contables resultantes da liquidación do exercicio anterior.

Considerando que se emitiu Memoria do Alcalde na que se especificaban a modalidade de modificación do crédito, o financiamento da operación e a súa xustificación.

Considerando que se emitiu informe de Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Considerando que se emitiu informe de Intervención polo que se informou favorablemente a proposta de Alcaldía e elaborouse Informe de Intervención sobre o cálculo a Estabilidade Orzamentaria.

Realizada a tramitación legalmente establecida e visto o Informe de Secretaría, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. *A declaración da urxencia na inclusión do presente asunto na orde do día na sesión plenaria aos efectos do artigo 82.3 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locales, baseado nos razoamentos esgrimidos na memoria de alcaldía en orde a acelerar no posible a tramitación da presente modificación, que por definición fai referencia a gastos que non poden demorarse.*

SEGUNDO. *Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 5/2022, na modalidade de crédito extraordinario/suplemento de crédito, financiado con cargo ao Remanente Líquido de Tesouraría para Gastos Xerais resultante da liquidación do exercicio anterior, de acordo co seguinte detalle:*

Estado de gastos



Concello de San Sadurniño

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Crédito extraordinario/S uplemento de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
920	63200	Investimento de reposición en inmobles públicos. Administración Xeral	0,00	200.000,00	200.000,00
454	61900	Investimento de reposición bens destinados a uso xeral. Camiños veciñais.	20.000,00	87.183,46	107.183,46
342	62300	Investimento novo maquinaria e instalación técnica – funcionamento operativo dos servizos. Inmobles deportivos.	0,00	11.406,49	11.406,49
342	62200	Investimento novo en edificios – funcionamento operativo de servizos. Inmobles deportivos	0,00	5.000,00	5.000,00
231	62300	Investimento novo maquinaria e instalación técnica – funcionamento operativo dos servizos. Servizos sociais.	0,00	30.000,00	30.000,00
161	60900	Investimento en nova infraestrutura. Abastecemento e saneamento.	18.149,76€	25.000,00	43.149,76€

Estado de Ingresos

Aplicación: económica			Descrición	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
8	87	870.00	Remanente líquido de tesouraría para gastos xerais	358.589,95



Concello de San Sadurniño

			TOTAL INGRESOS	

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.

b) A inexistencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

TERCEIRO. Expor este expediente ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados porán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Iníciase o punto da orde do día plantexando a votación da urxencia na inclusión do mesmo ao carecer de ditame previo de comisión informativa, aprobándose dita inclusión por unanimidade.

A continuación, o Sr. Alcalde, Don Secundino García, da a palabra á voceira do grupo municipal do BNG, dona María Muíño, quen intervéen para explicar o contido e finalidade da modificación orzamentaria. Sinala, entón, que é unha incorporación do remanente líquido de tesouraría destinado a diferentes cuestións para partidas que non contan con crédito suficiente no exercicio para realizar os investimentos propostos. Sinala que, tomando a palabra da voceira do grupo municipal do PP, dona Belén Trigo, no punto anterior, trátase de destinar o aforro de exercicios anteriores a investimentos en beneficio dos veciños.

Sinala dona María Muíño as diferentes partidas afectadas considerando que a 920.63200 fai referencia á galería da Casa Consistorial, que necesita de intervencións para o seu mantemento e para evitar riscos, entendendo que é obxectiva a necesidade para a mellora da calidade de vida interior do Concello e polo propio mantemento do patrimonio municipal; a 454.61900 fai referencia á rede viaria, concretamente vías que non entraron noutras liñas de financiación que foron a outros proxectos necesarios; a 342.62300 fai referencia á mellora do son no pavillón polideportivo, onde se realizan actividades deportivas, competicións e é un espazo en colaboración co centro educativo; a 342.62200 fai referencia á mellora de instalacións deportivas tamén, concretamente para asentos nas gradas do campo de fútbol, onde tamén se levan a cabo competicións deportivas dos equipos municipais e se desenvolve a escola de fútbol que é deporte base dos cativos; a 231.62300 fai referencia a camas e grúas como investimento para o servizo de axuda no fogar, para axudar ás traballadoras, previr riscos e disminuir a penosidade do seu traballo; a 161.61900 fai referencia á mellora e novas conexións de saneamento. Indica que se trata de competencias propias da entidade local e de interese para a veciñanza, polo que espera que haxa unha valoración positiva no pleno.

Intervén don Lois Anxo Rodríguez, do grupo mixto, para anunciar o seu voto favorable, indicando que, si ben todo investimento parece pouco porque él mesmo e calquera seguro que terían moitos máis que propoñer, debe valorarse positivamente calquera investimento.

Intervén dona Belén Trigo, voceira do grupo municipal do PP, para indicar que entenden que a finalidade do expediente é realizar unha serie de investimentos con cargo ao aforro obtido, que en definitiva son os cartos dos veciños, o remanente. Recalca que non están en contra pero sí entenden que a información que se ofrece neste expediente é insuficiente; menciona a



Concello de San Sadurniño

partida de 200.000€ para a galería pero considera que o equipo de goberno conta con información privilexiada e que deberá existir un informe técnico que respalde as cifras e sinale os elementos de actuación. Asimesmo, indica que respecto do investimento en pistas e vias teñen claro que trátase do arranxo de camiños pero non pon en qué pistas concretas, non teñen coñecemento deses detalles. Respecto do son do pavillón, chámalle a atención que se fale de que é imperativo acometelo, como orde ou mandato, o que lles leva a supoñer que non ten ou está mal. Indica que, en definitiva, o seu grupo non ten información suficiente para coñecer con detalle o destino dos fondos.

Indica dona Belén Trigo que no tocante aos 30.000€ para camas e grúas sí é unha definición suficiente, pero novamente no tocante ao investimento de novas conexións de abastecemento consideran que falta información. Sinala que estiman que hai máis información na páxina web que no propio expediente que se lles facilita, e que por aquel medio tiveron noticia de que se trataba de asentos individuais para o campo de fútbol, mención que non figura no expediente, ou que o investimento na galería é unha reforma estrutural. Piden máis concreción dos investimentos por dereito dos propios concelleiros e dos veciños, para que saiban en qué se vai investir.

Intervén novamente dona María Muiño, voceira do grupo municipal do BNG, para sinalar que o punto da orde do día é unha modificación de crédito, unha modificación orzamentaria que implica unha estimación de custe. De cara a esa estimación, o equipo de goberno fai previamente unha valoración, pero non se pode facilitar proxecto algún porque non existe proxecto, xa que mentres non existe orzamento, crédito, o equipo de goberno non encarga eses proxectos. Reitera que a cuestión neste momento é habilitar ese crédito en base a unha estimación e considera suficientemente explicada a finalidade en cada partida, indicando asimesmo que calquera dúbida ao respecto podería ter sido plantexada pola concelleira dende o momento da convocatoria.

Sinala dona Belén Trigo, do grupo municipal do PP, que realizou esa mesma mañá a consulta e se lle indicou que a información era a que constaba no expediente. Que saben que o destino é o que se marca nas partidas e non pode gastarse máis do que se autoriza nin noutro destino, pero lles gustaría saber, por exemplo, no caso das pistas qué pistas son, na reforma da galería qué se vai facer, cal é a idea do equipo de goberno, materiais...

Intervén don Secundino Garcia, Alcalde, para pechar o debate sinalando que o punto que se debate ten natureza de modificación orzamentaria e plantexando que, por exemplo, na área de gasto 454 orzamentáronse 20.000€ de xeito inicial e con esta modificación superará os cen mil definitivos, e que os 20.000 iniciais tampouco tiñan un destino concreto senón que eran xerais para todas as vías municipais. Declara que claro que o equipo de goberno sabe con máis detalle o que se vai facer, porque para eso están gobernando, e que cando se fagan os proxectos tamén o saberá todo o mundo, pero que eso é noutro momento. Respecto da galería da Casa Consistorial, debe destacar que non é só a idea do equipo de goberno, porque hai condicionantes de Patrimonio, e que de feito non se puido facer o que se pretendía nunha actuación anterior porque Patrimonio non o permitiu; que o equipo de goberno discrepa pero é o criterio dun técnico e debe respectarse, sinalando que pretendíase unha actuación que dera máis uso ao patio e un mellor acondicionamento térmico, sinalando que o investimento estimado de 200.000 euros incluíra unha vertente de aforro enerxético.

Tamén convida á sra. concelleira a acudir ao pavillón e comprobar persoalmente o son que hai, detallando que existen uns altosfalantes de alo menos 30 anos de antigüidade e que o importe que se propón ven dado de tanteos e consultas ao sector para obter un importe aproximado, compaxinando a necesidade coa dispoñibilidade, pois á hora dun investimento deste tipo podería chegarse a contías moito máis altas pero entende o equipo de goberno que o importe proposto é suficiente para unha actuación de calidade.

Respecto do investimento na rede viaria, o Sr. Alcalde sinala que practicamente repararanse



Concello de San Sadurniño

todos os baches, posto que as vías que se pretenden acometer son aquelas que non entraron en plans con financiación allea. Indica que, de feito, o grupo municipal do PP ten realizado rogos en sesións previas para acometemento de actuacións en vías e pistas que van ser realizados con cargo a esta modificación.

Sinala tamén o Sr. Alcalde que o funcionamento das Administracións Públicas é o que se está a realizar actualmente, isto é, primeiro se obtén o crédito orzamentario e logo se proxecta e se executa.

Finalizado o debate, sométese a votación dos sres. concelleiros presentes, aprobándose por unanimidade os seguintes acordos:

PRIMEIRO. A declaración da urxencia na inclusión do presente asunto na orde do día na sesión plenaria aos efectos do artigo 82.3 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locales, baseado nos razoamentos esgrimidos na memoria de alcaldía en orde a acelerar no posible a tramitación da presente modificación, que por definición fai referencia a gastos que non poden demorarse.

SEGUNDO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 5/2022, na modalidade de crédito extraordinario/suplemento de crédito, financiado con cargo ao Remanente Líquido de Tesouraría para Gastos Xerais resultante da liquidación do exercicio anterior, de acordo co seguinte detalle:

Estado de gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Crédito extraordinario/Su plemento de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
920	63200	Investimento de reposición en inmobles públicos. Administración Xeral	0,00	200.000,00	200.000,00
454	61900	Investimento de reposición bens destinados a uso xeral. Camións veciñais.	20.000,00	87.183,46	107.183,46
342	62300	Investimento novo maquinaria e instalación técnica – funcionamento operativo dos servizos. Inmobles deportivos.	0,00	11.406,49	11.406,49
342	62200	Investimento novo en edificios – funcionamento operativo de	0,00	5.000,00	5.000,00



Concello de San Sadurniño

		servizos. Inmobles deportivos			
231	62300	Investimento novo maquinaria e instalación técnica – funcionamento operativo dos servizos. Servizos sociais.	0,00	30.000,00	30.000,00
161	60900	Investimento en nova infraestrutura. Abastecemento e saneamento.	18.149,76€	25.000,00	43.149,76€

Estado de Ingresos

Aplicación: económica			Descrición	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
8	87	870.00	Remanente líquido de tesouraría para gastos xerais	358.589,95
			TOTAL INGRESOS	

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

- O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.
- A inexistencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

TERCEIRO. Expor este expediente ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados porán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos



Concello de San Sadurniño

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

